

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **23 de marzo de 2023**

Ás 7.34 horas do día 23 de marzo de 2023, reúnese a Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Popular:

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado don Miguel Antonio Cid Álvarez, do Grupo Popular (substituído por don Álvaro José Fernández López).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 16 DE FEBREIRO DE 2023.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 16 de febreiro de 2023.

Non se producen intervencións e por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente do día 16 de febreiro de 2023, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral, corrixindo un erro no apartado de rogos e preguntas en referencia ao balneario de Berán, que poñía Verín por erro.

2º.- CESIÓN AO CONCELLO DA PEROXA DUNHA PARCELA SOBRANTE DE TITULARIDADE PROVINCIAL, CORRESPONDENTE Á OU-0505 ENTRE O PQ 12+150 E O PQ 12+220 MARXE DEREITA.

O Sr. vicesecretario expón o contido da proposta.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Cederlle gratuitamente ao Concello da Peroxa a seguinte parcela de titularidade provincial:

Denominación	PQ inicial	PQ final	Lonxitude	Anchura	Superficie	Tipoloxía	Función
Sobrante OU-0505 entre pq 12+150 e pq 12+220 marxe dereita	12+150	12+220	70 M	variable	153,93 m2	Convencional	Local

2º.- Determinar a reversión automática ao patrimonio da Deputación Provincial de Ourense do ben cedido gratuitamente, se non é destinado ao uso previsto no termo máximo dun ano, e deixa de selo en todo caso posteriormente no transcurso de 25 anos.

3º.- Facultar á Presidencia para que subscriba todas as actuacións que se deriven do expediente e sexan necesarias para a depuración xurídica do ben, entre elas a sinatura da escritura pública de cesión do ben, se procedese.

4º.- Notificarlle o presente acordo ao Concello da Peroxa, para os efectos oportunos.

5º.- Comunicarlle este acordo ao órgano competente da Comunidade Autónoma, para os efectos da toma de coñecemento da cesión do ben patrimonial.

3º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

A presidenta da comisión dá resposta á pregunta formulada na anterior comisión informativa por dona Margarita Pérez Fernández, relativa á afectación do caudal das augas das Burgas cando se fan os controis periódicos no patio da Deputación Provincial. Indica ao respecto que segundo o informe de avaliación hidráulica e fisioquímica que fixo a empresa XEOAQUIS, que se facilitou copia ao seu grupo, nas medicións periódicas no caño de Burga de arriba e Burga de abaixo e o fervedeiro, non se apreciou ningunha variación respecto aos parámetros nin aos caudais. Engade que se queren calquera aclaración se poden dirixir á área de Transparencia.

E, ás 17.40 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.